



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 2 DE XANEIRO DE 2017.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dous de xaneiro de dous mil dezasete; as dez e media da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Dona Maria López Touza, Don Ricardo González Amaro e Don Javier Iglesias Sendín. -

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado dezanove de decembro de dous mil dezaseis (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO.-

1.- Visto o escrito presentado por **Dona Manuela Duran Martínez**, con domicilio na avda. de Redondela nº 21, 4ºD, Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 22-12-2016 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

2.- Visto o escrito presentado por **Don Manuel Freijido Juste**, con domicilio na rúa Extramuros nº 24, 1º dcha. Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.



E visto que en data de 19-12-2016 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO INDUSTRIAL.-

1.- Visto o escrito presentado por **Don Luis Laot Se Mena Quintero**, con domicilio na rúa Ribeiro nº 75, baixo, Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso industrial, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 09-12-2016 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Ourense, notificando a interposición de recurso contencioso-administrativo por Don Miguel Garcia Domínguez, procedemento abreviado núm.0000311/2016C, contra Resolución da Alcaldía de data 15.09.2016 desestimatoria de recurso de reposición relativo a liquidacións da taxa de recollida de lixo e solicitando a remisión do expediente administrativo. A Xunta de Goberno Local, toma coñecemento do referido escrito e acorda a remisión do referido expediente debidamente foliado e autenticado o Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Ourense.

- Da Federación Provincial de Empresarios de Hostelería e Turismo de Ourense, escrito relativo as festas a celebrar durante o fin de ano.

- Do Servicio Provincial da AXI en Ourense, Resolución de data 12.12.2016, comunicando arquivo as actuacións previas 48/2016.

- Da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, acordo de arquivo de denuncia formulada por Aqualia Xestión Integral da Auga S.A. e Concello de Ribadavia, por extracción de auga do río Maquians e os seus afluentes no termo municipal de Ribadavia.



- Da Dirección Xeral de Inclusión Social, Resolución de data 19-12-2016 de asignación de transferencias finalistas correntes para 2,5 traballador/a social, por importe de de 42.037,50 euros.

- De Aqualia, escrito relativo as obrigas impostas polo Real Decreto 1290/2012 de 7 de setembro polo que se modifica o Regulamento do Dominio Público Hidráulico, en relación aso sistemas de saneamento que orixinan desbordamentos en episodios de choiva.

- Acta do Consello Rector (Consello Municipal de Deportes), celebrada o día 20.12.2016.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

NOMEAMENTO DE AVOGADO.-

Visto o recurso contencioso-administrativo presentado por Don Miguel Garcia Dominguez, ante o Xulgado do Contencioso-administrativo núm. 2 de Ourense, procedemento núm.0000311/2016C contra Resolución da Alcaldía de data 15.09.2016 desestimatoria de recurso de reposición relativo a liquidacións da taxa de recollida de lixo, a Xunta de Goberno Local, acorda:

1. O personamiento no recurso contencioso-administrativo presentado por Don Miguel Garcia Domínguez, contra a referida Resolución.
2. Encomendar a defensa e representación deste Concello o letrado Don Angel Pazos Huete.
3. Facultar a Alcaldía para a realización de todos os trámites necesarios para a execución do referido acordo.

APROBACION DE CONTRATO.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o Contrato de Consultoría e Asistencia Técnica con Don Manuel García Valdeiras, para a realización do servizo de asesoramento arqueolóxico para a Oficina de rehabilitación do casco histórico de Ribadavia para o ano 2017”.

LIQUIDACION DE TAXA POLA OCUPACION DE TERREOS DE USO PUBLICO CON MESAS E CADEIRAS.-

A Xunta de goberno Local, por unanimidade, presta a aprobación as seguintes liquidacións:

1.- Da Taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, no mes de decembro 2016, por importe de 833,90 euros, de acordo coa liquidación feita pola Intervención e que se adxunta a esta Resolución.



APROBACION DE PROXECTO MODIFICADO Nº1 , DA ACTUACION NA PONTE ROMANA DE FRANCELOS, CAMIÑO DE PREXIGUEIRO E CAMIÑO PENDURADO, OBRA INCLUIDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACION AS OBRAS E SERVICIOS MUNICIPAIS 2016.-

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da dirección técnica como da arquitecta municipal, por unanimidade dos asistentes acorda:

1º.- Aprobado o proxecto modificado nº 1 da actuación na ponte romana de Francelos, Camiño de Prexigueiro e Camiño Pendurado de San Paio, por importe de 60.103,23 euros.

2º.- Dar traslado do presente acordo a Deputación Provincial de Ourense, os efectos oportunos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación e toma coñecemento da aprobación con data 23.12.2016, do expediente de modificación de créditos (concesión de suplemento de crédito) nº5/16, de acordo co seguinte teor:

EXPTE. MODIFICACION DE CREDITOS Nº5/16.-

“Esta Alcaldía presta aprobación o Expediente de modificación de créditos (concesión de suplemento de crédito) nº5/16, por importe de 30.176,76 euros por anulación parcial doutras partidas de gastos do orzamento vixente.”

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as once e media da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.



Concello de Ribadavia